

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes

Resumo de resultados 03/03/2025

ÍNDICE


Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización	1
Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización	2
Definicións, fontes e máis información	3

ZDP: Zona densamente poboada; **ZIP:** Zona intermedia; **ZPP:** Zona pouco poboada

Información para Galicia e provincias segundo o grao de urbanización


**Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo o grao de urbanización.
Información para Galicia e provincias. Ano 2023**

	2017				2023			
	Total	ZDP	ZIP	ZPP	Total	ZDP	ZIP	ZPP
Galicia	19,4	20,3	17,2	21,3	17,0	17,6	15,8	18,0
• A Coruña	16,9	17,5	14,5	19,7	13,8	14,1	12,5	15,3
• Lugo	19,3	21,0	20,3	17,6	17,0	16,5	18,7	16,2
• Ourense	24,4	25,8	22,3	24,2	20,9	21,9	17,9	21,6
• Pontevedra	20,9	21,8	18,7	24,9	19,7	20,5	18,3	21,4



Información para Galicia segundo o subgrao de urbanización

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo subgrao de urbanización. Galicia



	2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023
Total	19,4	19,2	18,9	14,0	17,6	17,2	17,0
ZDP	20,3	20,5	20,2	12,7	18,4	17,9	17,6
ZIP alta	17,6	17,5	17,2	13,0	16,0	15,8	15,9
ZIP baixa	16,1	16,4	16,3	13,1	15,4	15,4	15,3
ZPP alta	18,3	17,8	17,2	14,5	16,2	15,8	15,4
ZPP intermedia	21,0	20,1	19,8	17,3	18,8	18,4	17,7
ZPP baixa	22,8	21,4	21,0	18,5	20,6	20,0	19,5

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización. Galicia


En Galicia e provincias, o valor máis alto do número de pensións non contributivas por 1.000 habitantes acádase na ZPP baixa.

Os datos do indicador segundo o subgrao de urbanización permiten observar que as pensións non contributivas por 1.000 habitantes diminúen ata ó ano 2020, aumenta no 2021, e segue descendendo 2022 e 2023. Por outra parte, cómpre resaltar que as ZIP alta e baixa son as subzonas nas que se rexistraron os menores valores deste indicador na maioría dos anos considerados.

O número de pensións non contributivas por 1.000 habitantes no ano 2023 nas mulleres galegas é un 72,6 % superior ao dos homes. A subzona na que se observa unha menor diferenza entre sexos é na ZDP, na que o indicador para as mulleres no ano 2023 é 1,5 veces o valor rexistrado para os homes; pola contra, na ZPP alta, con pensións non contributivas por 1.000 habitantes das mulleres 2,1 veces superiores ás dos homes, rexístrase a maior diferenza.

	Homes	Mulleres
Total	12,4	21,4
ZDP	13,8	20,9
ZIP alta	10,6	21,0
ZIP baixa	10,6	19,8
ZPP alta	9,7	20,8
ZPP intermedia	12,3	23,0
ZPP baixa	14,7	24,3

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización. Galicia



Definicións, fontes e máis información

Definicións

Pensións non contributivas por 1.000 habitantes: É o cociente entre o número de beneficiarios de pensións non contributivas da Seguridade Social, de axudas de emerxencia social ou da renda de integración social de Galicia e a poboación, expresado en tanto por mil.

Pensións non contributivas da Seguridade Social: Son prestacións periódicas vitalicias ou de duración indeterminada a favor de persoas que non cotizaran nunca, ou ben non o fixeran o tempo suficiente para acadar prestacións de nivel contributivo pola realización de actividades profesionais. As clases de prestacións son invalidez e xubilación

Axudas de emerxencia social (AES): Son prestacións económicas, non contributivas, de carácter extraordinario e pagamento único, destinadas a paliar situacións de emerxencia de persoas con fogares independentes afectados por un estado de necesidade. Considéranse situacións de emerxencia social aquelas que orixinen gastos extraordinarios para cubrir necesidades específicas de carácter básico e urxente, tales como: gastos imprescindibles para o uso da vivenda habitual ou para o mantemento da habitabilidade ou accesibilidade da vivenda habitual, equipamento mobiliario básico e necesidades primarias (alimentación, vestido, atención sanitaria, etc.)

Renda de integración social de Galicia. RISGA: É unha prestación económica asistencial que trata de garantir un mínimo de subsistencia persoal a cidadáns entre 25 e 65 anos, que aínda que teñan idade laboral e non teñan causa legal de incapacidade física ou psíquica, non teñen os recursos mínimos necesarios para cubrir as necesidades máis urxentes. Pretende a reinserción social e laboral das persoas

Descarga de datos

- [Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo sexo e grao de urbanización.](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2007)
- [Pensións non contributivas por 1.000 habitantes segundo sexo e subgrao de urbanización.](#) (Información para Galicia e provincias desde o ano 2007)

Fontes de información

IGE. Elaboración propia a partir de: IGE. Cifras poboacionais de referencia, Consellería de Traballo e Benestar. Informe sobre a aplicación e avaliación da lei galega de medidas básicas para a inserción social e información subministrada directamente